

Mural dos Maios

Obxetivos:

- Coñecer as festas tradicionais galegas.
- Estimular u olfato e o tacto.
- Favorecer a coordinación óculo-manual.
- Dar a coñecer a primavera como estación que da comezo a festa dos Maios.

Materiais:

- Necesitaremos flores e fiunchos.
- Papel continuo.
- Cola branca, auga, un pincel e un recipiente.
- Lapis e goma.

Desenrolo:

Esta actividade é mellor realizala durante toda a semana para conseguir os nosos obxectivos.

A modo de introdución na actividade, podemos contarlle ao nen@ que xa chegou a primavera e que en Galicia celebramos unha festa tradicional que se chama Os Maios. Como este ano nos podemos desfrutar dela e por elo propóñovos este

Primeiro iremos a recoller flores e fiunchos con eles/elas, aproveitando esa “ horiña” que temos para saír das casas. Deixade que exploren, as cores e as olores.

Unha vez na casa, empregaremos o noso papel continuo para debuxar a forma dun Maio. Isto é só unha guía para saber onde pegar as nosas flores e fiunchos, non ten que quedar perfecto.

Mesturamos nun recipiente cola branca e unha pouca auga e o disolvemos cun pincel.

Estendemos a mestura no debuxo que fixemos e a continuación iremos colocando as flores e fiunchos de forma que non quede ningún oco libre.

Teremos que deixalo estirado no chan ao menos 24 horas, e xa temos o noso mural dos Maios.